

Este documento forma parte do expediente n.º

- 2795 / 411 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 28 JUL 1999

O SECRETARIO DA AGENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

---

**B. MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTUACIÓN**

Vigo, 28 JUL 1999 B.1

**B.1 ADECUACIÓN DO PEMN AS DETERMINACIÓN DO PRODU E AS DA LEI DO SOLO DE GALICIA (LSG)**

Asdo.: Eco. Javier García Martínez

**OBXETIVOS XENÉRICOS E ALCANCE DOS PEMN SEGUNDA LSG**

1º. *Os plans especiais de mellora dos núcleos rurais (PEMN) terán como finalidade o establecemento dunha ordenación urbanística pormenorizada no ámbito dos núcleos rurais de poboación delimitados polo plan xeral de ordenación municipal ou polo proxecto de ordenación do medio rural.*

*Estes plans especiais deberán redactarse obrigatoriamente nos supostos en que se produzan nos núcleos rurais os indicadores que acrediten a existencia dunha situación de complexidade urbanística no núcleo rural, de acordo coas previsións dos instrumentos citados. Asimesmo, poderán redactarse estes plans especiais cando as circunstancias urbanísticas así o aconsellen.*

2º. *Tamén poderán redactarse plans especiais de mellora dos núcleos rurais co obxecto de desenvolver unha actuación integral sobre unha parte do núcleo rural. Neste suposto, aplicarase o réxime previsto no artigo 76.5 desta lei, a densidade máxima será de 25 vivendas por hectárea e a tipoloxía das edificacións será congruente coa existente no núcleo.*

3º. *Os plans especiais de mellora dos núcleos rurais conterán as seguintes determinacións:*

*a) Xustificación da procedencia da súa formulación, tendo en conta as previsións do plan xeral de ordenación municipal ou dos proxectos de ordenación do medio rural.*

*b) Determinación, se é o caso, das áreas de actuación integral que sexa conveniente establecer.*

*c) Dotacións urbanísticas e equipamentos e infraestructuras comunitarias axeitadas ás necesidades da poboación.*

*d) Medidas encamiñadas á conservación e mellora do medio ambiente e das características tradicionais do núcleo e das edificacións.*

*e) Condicións mínimas de urbanización.*

*f) Se é o caso, programa de actuacións concertadas cos particulares e das comprometidas coas administracións públicas.*

Vigo, 28 JUL 1999  
O SECRETARIO DA XERARCA

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### CONCLUSION

Os PEMN están destinados en principio á resolución de tódolos problemas do antiga clasificación (segunda LAGSA) de *Solo Non Urbanizable dos Núcleos Rurais*: A saber, tanto os estritamente relacionados coa conservación do carácter tradicional ou rural, como os de infraestruturas, obtención de equipamentos, etc., e os derivados do cambio de clasificación de SNU a Solo Urbano.

O espírito e obxetivos da LAGSA e da LSG en relación cos Núcleos Rurais son:

- Deixar de considerar residual o solo rural.
- Converti-lo en protagonista
- Limitar o espallamento para evita-la degradación do medio por localización de vivendas en solo agrícola.
- Acadar estándares mínimos de infraestruturas, servicios e equipamento no medio rural.
- Dar facilidades a construción nos Núcleos Rurais Tradicionales.
- Endurecer as condicións de edificación fora deles.

### ADECUACIÓN O PXOU

Como xa foi indicado na Memoria de Información, o Plan Especial de Mellora do Medio de QUINTIÁN - BEADE desenvolve as determinacións sinaladas no PXOU de Vigo.

Como pódese observar no Cadro Resume de Datos de Ordenación, éste axústase as prescricións establecidas pola ficha correspondente o Núcleo, tal e como se expresa a continuación:

### CADRO RESUMEN DE DATOS DE ORDENACION

	PXOU	PEMN QUINTIAN
SUPERFICIE	8.19 Ha.	8.69 Ha.
Nº VIVENDAS CONSOLIDACION	40	40
Nº DE VIVENDAS EXISTENTES	24	27
ZONAS VERDES DE USO E DOMINIO PUBLICO	2.950 m <sup>2</sup>	3.265 m <sup>2</sup>
TOTAL ZONAS VERDES	0.9 Ha (9.000 m <sup>2</sup> )	1,5 Ha (10.170 m <sup>2</sup> )

Asemade, cúmprese o especificado nos artigos 76 o 85 do Regulamento de Planeamento da Lei do solo en canto a determinacións, contido e documentación do Plan Especial, xustificándose no apartado B.4 como se reparten as reservas marcadas na ficha correspondente e a Normativa de aplicación segundo artigo 85 do citado Regulamento de Planeamento, así coma nos artigos 27 da LSG.

Este documento forma parte do expediente n.º  
 PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁN - BEADE (VIGO)  
 2795 QUINTÁN BEADE (VIGO)  
 aprobado DEFINITIVAMENTE en esta data

Vigo, 28 JUL 1989

A.III.6

PARCELA PROPIETARIO O SECRETARIO DA REFERENCIA SUPERFICIE (m²)

PARCELA	PROPIETARIO	O SECRETARIO DA REFERENCIA	SUPERFICIE (m²)
	Asdo.: Fco. Javier Costa Martínez		52.871
85	Enrique COMESAÑA RODRIGUEZ		1.037
86	Amable BARROS ABALDE		740
87	Eugenio CORREA PARADA		1.460
88	Cándido ABALDE QUINTELA		552
89	Hros. de Victoria ABALDE		1.005
90	Isaac LEIROS ABALDE		725
91	Francisco ALONSO		255
92	Juan POSADA FERNANDEZ Crt. do Porto, 122 - Beade (Vigo)		840
93	Esperanza ABALDE VILA		787
94	Angel ROMAN VILA Crt. do Porto, 124 - Beade (Vigo)		1.013
95	Sabino COSTAS ESTEVEZ Crt. do Porto, 142 - Beade (Vigo)		1.040
96	Secundino ALONSO		1.480
97	Hros. de Cándido ("O Lanas")		430
98	Manuela VILA ESTEVEZ		1.045
99	Edelmiro ALONSO		63
100	Flora DAVILA BASTOS		80
		Suma	65.423

- 27957411 -  
 aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo,

29 JUL 1999

A.III.7

O SECRETARIO DE ENHEBRANCIA,

PARCELA

PROPIETARIO

SUPERFICIE (m<sup>2</sup>)

PARCELA	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )
	Asdo.: Fco. Javier García Sumariño	65.423
101	Darío BASTOS	342
102	José BARROS	178
103	José RODRIGUEZ	200
104	Carmen ESTEVEZ ABALDE	972
105	Edelmiro ALONSO ESTEVEZ	660
106	Lidia COSTAS ALONSO	360
107	Esperanza FERNANDEZ BARREIRO	228
108	Isabel COSTAS FIGUEROA	276
109	Isabel COSTAS FIGUEROA	544
110	Asunción VILA RODRIGUEZ	1.008
111	Asunción VILA RODRIGUEZ	530
112	Manuel VILA RODRIGUEZ	1.225
113	Lavadero (Concello de VIGO)	645
114	Soledad FIGUEROA SALGUEIRO	60
115	Darío BASTOS	28
117	Santiago FIGUEROA SALGUEIRO	56
	<b>Suma</b>	<b>72.735</b>

Vigo, 28 JUN 1998 B.3

SECRETARÍA DE ALCALDÍA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## B.2 OBXETIVOS E CRITERIOS XERAIS DA ACTUACIÓN

### OBXETIVOS DA ORDENACIÓN

A Actuación plantexada para o *Núcleo Rural* de QUINTIÁN consiste fundamentalmente na fixación duns patróns edificatorios que, resultando suficientes para a resolución dos problemas habituais de residencia e do resto dos usos autorizados, non permita rachar coa harmonía do núcleo pola construción de edificacións desmesuradas.

Todo isto complementado con outra serie de medidas encamiñadas todas elas a preservación do seu carácter, a creación e mellora de infraestruturas, espazos públicos e a fixación de alineacións.

A tal efecto o PEMN QUINTIÁN plantexa unha serie de espazos públicos débedamente axardinados, ampliación e tratamento dos viales, a construción de redes de servizos e a supresión dos tendidos aéreos.

Certas edificacións e elementos son obxecto de protección e catalogación mentras outros son obxecto de certas medidas tendentes a súa rehabilitación.

### CRITERIOS DE ORDENACIÓN

Os criterios básicos de ordenación foron os seguintes:

- Mantemento da tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, adosada ou apareada nas edificacións existentes que conformaban o Núcleo orixinal, en consonancia cos parámetros establecidos na correspondente ficha do Núcleo, fixando unha ordenanza flexible para as mesmas.

- Fixación dunha ordenanza de vivenda unifamiliar illada nas zonas de extensión do Núcleo orixinal cuns parámetros tendentes a limitar o máximo o impacto volumétrico e visual das edificacións.

- Situación das zonas verdes nos puntos mais achegados o vial principal, cunha situación central e ben comunicada en relación co resto do Núcleo e co entorno.

- Inclusión de zonas de protección dos emparrados sobre os camiños peatonais existentes, tentado seguir o mesmo tratamento cara os novos viales peatonais proxectados.

- Deseño dos viales aproveitando fundamentalmente o rúeiro actual, que básicamente coincide coa división parcelaria, tendo como obxecto garantir a xestión, acceso e permeabilidade das distintas zonas do Núcleo.

- Deseño diferenciado dos viales principais e de servizo do *Núcleo Rural*. Isto traducirase nun diferente tratamento dos pavimentos e as beirarrúas segundos casos, co fin de minimizar os efectos dos mesmos na procura dunha continuidade visual e física no terreo potenciando deste xeito o carácter rural que se pretende para o *Núcleo Rural* de QUINTIÁN.

Vigo, 28 JUL 1999  
 O SECRETARIO DE PLANEAM. E ORDENAM. URBANÍSTICA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### B.3. XUSTIFICACIÓN DA ORDENACIÓN ELEXIDA. CONEXIÓN COAS ÁREAS COLINDANTES

A Ordenación elexida corresponde cun esquema moi sinxelo desenvolvendo dous eixos principais de circulación rodada que percorren o Núcleo e que recollen todo o tráfico da zona.

Ditos eixos baseados na Estrada de Porto e o Camiño de Galdino, teñen tres puntos de acceso dende o exterior e que sirven de conexión cos Sistemas Xerais que figuran no PXOU, de forma que queda conxionado coa parroquia de Beade a través da Estrada de Porto, coa parroquia de Valadares a través da continuación da mesma estrada e coa parroquia de Zamáns e a Universidade a través do Camiño de Galdino.

O acceso principal ao Núcleo é a través da Estrada de Porto que canaliza o tráfico procedente do Núcleo Central da parroquia de Beade.

Como foi indicado, o viario secundario apóiase fundamentalmente na rede de camiños existentes na actualidade.

Deste xeito, a partir do vial principal (a Estrada de Porto) e con cinco encontros, aparece o resto dos viales nomeados secundarios ou de servizo as fincas. Ditos viales terán a mesma denominación cos camiños onde se apoian:

- Camiño de Galdino, Camiño de Quintián, Camiño de Castiñeira, Camiño de Suaviña e Camiño de Galeota,

O Camiño de Galdino que terá acceso peatonal dende a Estrada de Porto, dada a forte pendente entre ámbalas dúas rúas, e formara unha ronda exterior polo Leste do Núcleo.

A totalidade do ámbito de actuación adócase a actividade residencial formando recuadros delimitados polo viario descrito, cun total máximo de vivendas previstas de 172 (8,6 Ha. x 20 viv/Ha.), incluíndo as vivendas familiares existentes.

A diferente ordenación escollida para o ámbito de uso residencial obedece a procura dunha integración entre as vivendas existentes e as novas.

En xeral, tódalas vivendas familiares existentes se incorporan ao conxunto do Núcleo como realidade física sen plantexar o derribo de ningunha delas co que se evitan cargas a xestión do Planeamento proposto.

A dotación prevista de zona verde sitúase na parte central do Núcleo, aproveitando a zona sinalada no PXOU para a mesma extendéndose cara os Lavadeiros Públicos de Coutada e Lagumeiros.

A súa situación semella obvia pois deste xeito relacionase por igual tanto coa parte alta do Núcleo como coa baixa así como co exterior do mesmo.

Se completa a estrutura de tódala actuación cunha serie de zonas chamadas Espacios Libres de Uso Particular. Ditas zonas terán un cómputo os efectos de edificabilidade pero non se poderá construír nelas. O fin das mesmas é por un lado preservar áreas libres de edificación para garantir un mínimo de zona unitaria e por outro preservar os emparrados e os sistemas vexetais cun certo interese no Núcleo.

La presente se copia en concordancia bien y fielmente con el original.

- 2795/411 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

B.5

Vigo, 28 JUL 1998  
O SECRETARIO DA DELEGACIA,

**B.4. RESERVAS DE ZONAS VERDES**  
Vice EL SECRETARIO GENERAL P. D.

A ficha correspondente o PEMN, establece unha superficie mínima para a zona verde.

Asemade, deberáse establecer unha praza de aparcamento por cada vivenda prevista ou 100 m<sup>2</sup>. de superficie construída polo que as previsións mínimas serán as seguintes:

- |  |                        |
|--|------------------------|
| - Sistemas de Espacios Libres de Uso e Dominio Público   | 2.950 m <sup>2</sup> . |
| - Total Zonas Verdes   | 0.9 Ha.                |
| - Prazas de Aparcamento:<br>( 1 por cada vivenda prevista ou 100 m <sup>2</sup> .<br>das que polo menos o 50% serán en superficie) | 172                    |

O cumprimento dos mínimos establecidos anteriormente, queda reflexado no CADRO RESUMEN DE DATOS DA ORDENACION, e son superados os mínimos, ya que a dotación prevista na ficha do Núcleo para 2.950 m<sup>2</sup>. de zona verde de uso e dominio público sitúase na parte central acadando 3.265 m<sup>2</sup>., aproveitando a zona sinalada no PXOU para a mesma extendéndose cara os Lavadeiros Públicos de Coutada e Lagumeiros.

A zona verde de uso particular acada os 6.905 m<sup>2</sup>. repartidos en diferentes zoas co obxectivo de protexer as plantacións, emparrados e arboredas existentes de carácter privado.

No que se refire as prazas de aparcamento, se superan con creces as 86 (o 50%) prazas requeridas e sitúanse en aquelas zonas onde poden preverse concentración de persoas, próximos as zonas verdes.

O resto das prazas até superar aínda as 172 prazas requeridas, serán asumidas por cada unha das vivendas nas que se prevé exista garaxe.

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 28 JUN 1989 B.6

O SECRETARIO DE A XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**B.5 ORDENACION DOS VOLUMES EDIFICABLES**

**VIVENDA UNIFAMILIAR EN NUCLEO ORIXINAL**

Comprende esta Ordenación zonas con forte grado de consolidación, de orixe agrícola.

Caracterízase por unha grande densidade edificatoria que se pon de manifesto en pezas apiñadas, desordenadas, con alineacións sen trazos xeométricos claros, e con tendencia ó adosamento co colindante.

É característico asemáde o mantemento de zonas de horta e xardín, a existencia de hórreos, apendres, cortellos e construcións engadidas para usos agrícolas e gandeiros no seu orixe.

O obxeto fundamental desta Ordenación é o mantemento da tipoloxía edificatoria, da fragmentación parcelaria e a conservación e potenciación destes espazos verdes privados; o respecto o carácter tradicional das suas fachadas, cubertas e características morfolóxicas.

Serán polo tanto obras preferentes as de conservación, consolidación, rehabilitación e restauración, posibilitándose as de reforma e ampliación sobre solares valeiros e ocupados só en planta baixa, pero non as de demolición de edificacións antigas até que non se cumpra o trámite previo eixido pola Ordenanza que a desenvolva.

Non se fixará parcela mínima e a edificabilidade proposta é de 0,60 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

**VIVENDA UNIFAMILIAR EN EXTENSION NUCLEO**

Comprende esta Ordenación zonas de solo urban do núcleo que desenvolvéronse de forma desigual apoiándose sobre a rede viaria tradicional, que acadaron un certo grado de consolidación repostando a tipoloxias edificatorias unifamiliares exentas.

Como resposta a esta situación permítese continuar coa mesma tipoloxía que haberá de cumprir cunhas condicións que se sinalarán na Ordenanza correspondente.

Permítese a Ordenación de vivendas adosadas en grupo sempre baixo proxecto e construción conxunta. A fileira resultante haberá de separarse dos colindantes alomenos 5 ml. de tal xeito que non queden medianeirías o descuberto.

Fixarásese unha parcela mínima de 400 m<sup>2</sup>. e a edificabilidade proposta é de 0,50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

Vigo, 28 JUL 1999

O SECRETARIO DA XERENCIA.

Ado: ECO, Javier García Martínez

## B.6 CRITERIOS DE DESEÑO E REALIZACIÓN DO VIARIO

As características dos mesmos responderán as Normas comúns sobre deseño e calidade da urbanización segundo PXOU (Art. 3.2.3.2) e asemade as prescricións da LSG sobre largos mínimos.

Terase en conta para o trazado viario e o seu deseño todo o recollido na Normativa e a Ordenanza Municipal sobre "Supresión de Barreiras Arquitectónicas".

Como xa foi explicado, o viario está formado por dous viales principais denominados Estrada de Porto, que percorre o núcleo, e Camiño de Goaldino que circunda o mesmo pola parte oriental do mesmo e unha rede de viales secundarios interiores.

### ESTRADA DE PORTO

A sección transversal considerada no vial denominado Estrada de Porto é de **16,00 m.**, repartidos nunha calzada de **10,00 m.** e beirarrúas a ámbolos dous lados de **3,00 m.** A pendente para este vial será a existente.

Situaranse espazos para alcorques por cada dúas prazas de aparcamento en liña (cada 11 m).

### CAMIÑO DE GOALDINO

A sección transversal considerada no vial denominado Camiño de Goaldino é de **14,00 m.**, repartidos nunha calzada de **9,00 m.** e beirarrúas a ámbolos lados de **2,50 m.** A pendente para este vial será a existente.

Situaranse espazos para alcorques por cada dúas prazas de aparcamento en liña (cada 11 m).

### REDE SECUNDARIA INTERIOR

A sección transversal considerada na denominada rede secundaria interior é variable cun ancho tipo de **5,00 m.** nas áreas consolidadas e de **8,00 m.** nas áreas non consolidadas.

A pendente máxima aconsellable para estes viales será a existente, no seu caso, e procurando non superaren o 10% nos novos viais.

### RASANTES

No referente as rasantes, procurouse unha adaptación na medida do posible a topografía real do terreno, con obxecto de evitar a realización de excesivos e custosos movementos de terras.

Adxúntanse esquemas das seccións tipo das rúas, distinguindo viario principal, secundario e peonal. Todos eles recollense, xunto coa súa localización, no Plano de Proposta nº P.04 "REDE VIARIA E REPLANTEO" e os seus perfíles no Plano de Proposta nº P.05 "PERFILES LONXITUDINAIS".

### CALZADAS

Na rede principal, o pavimento da calzada estará constituído por unha base granular compactada, unha capa de macadam de 20 cms. de espesor e unha capa de rodadura de aglomerado asfáltico en quente de 7 cm. de espesor.

A superficie final da calzada terá unhas pendentes transversais a partires do eixo cara as beirarrúas do 2,00%.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 2795 / 411 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 28 JUL 1999  
O SECRETARIO DA FINANZAS, B.8

Na rede secundaria o igual que as sendas peonais, empregaranse nos pavimentos a base de enlousados naturais ou artificiais, podendo resaltarse os marxes con encintados ou faixas de granito e formigón con árido de río lavado.

Este pavimento irá asentado con mortero de cemento sobre unha base de formigón en masa de 10 cm. de espesor.

Non obstante estarase dacordo coas Normas eisixidas polo Concello no Proxecto de Urbanización

A superficie final da calzada terá unhas pendentes transversais a partires do eixo cara as beirarrúas do 2,00%.

**BEIRARRÚAS**

As beirarrúas das dimensións mencionadas anteriormente, o igual que os itinerarios e sendas peonais se solarán con faixas de adoquines de granito e formigón con árido de río lavado.

Este pavimento irá asentado con mortero de cemento sobre unha base de formigón en masa de 10 cm. de espesor.

Non obstante estarase dacordo coas Normas eisixidas polo Concello no Proxecto de Urbanización.

Vigo, 28 JUL 1998  
 O SECRETARIO DE EMERGENCIA.

## B.7 CRITERIOS DE DESEÑO DOS ESPACIOS LIBRES

A continuación expónse os elementos de deseño máis destacados que como consecuencia do proceso de planeamento do PEMN deberíanse recoller no correspondente Proxecto de Urbanización.

### A. ESPACIOS LIBRES DE DOMINIO E USO PUBLICO

Son básicamente uns espazos irregulares situados no eixo formado pola Estrada de Porto que atravesa o *Núcleo Rural* obxecto da actuación na que se concentra a maior parte da superficie adicada a espazos libres de uso público no PEMN.

Presenta dúas áreas completamente diferenciadas:

#### - Área da PRESA DE COUTADA

Se trata de tres zonas separadas polo Camiño de Quintián, compostas dunhas tiras de forma rectangular que percorren paralelas a Estrada de Porto.

Se deseña con arbolado perimetral a modo de filtro cara as edificacións e parcelas colindantes coa actuación, integrando os emparrados existentes.

Procuráse aproveitar a integración, rehabilitación e saneamento do lavadeiro existente, con inclusión de elementos estéticos no mesmo para a súa conversión en elemento referencial.

#### - Área da PRESA DE LAGUMEIROS

Se trata de unha zona de forma trapezoidal e pendente suave que se atopa no encontro entre a Estrada de Porto e o Camiño de Galdino.

Percurouse proxectar un deseño moi libre e aproveitar a topografía existente para integrar a zona coas colindantes

Considerase unha zona de estancia-paseo con bancos, árbores e vexetación arbustiva.

Procuráse aproveitar a integración, rehabilitación e saneamento do lavadeiro así coma os árbores existentes.

O Concello poderá plantexar sobre as zonas, pequenas edificacións para servizo e infraestrutura do Núcleo e asemade pequenos quiosques provisorios propios das zonas verdes, que non desvirtúen o carácter do área.

### B. ESPACIOS LIBRES DE USO E DOMINIO PARTICULAR

Son zonas situadas no interior dos recuadros formados polas rúas principais e secundarias.

O seu tratamento será básicamente mediante arborado perimetral a modo de filtro cara as edificacións e parcelas colindantes coa actuación, o mantemento dos emparrados existentes e, fundamentalmente o axardinamento e plantación con especies propias do entorno.

### C. ITINERARIOS PEONAI

Prevése a súa pavimentación segundo dos parámetros fixados para os viais da rede secundaria. En caso necesario, poderán ser utilizados como vial rodado de acceso exclusivo o garaxe aparcamento nas zonas correspondentes a vivenda.

Vigo, 28 JUL 1998 B.10

SECRETARIO DA XUNTA  
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## B.8 CRITERIOS DE DESEÑO DAS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS

### 1. REDE DE SUMIDOIROS

A rede aproveitará na súa totalidade os tramos xa construídos da mesma e indicados no Plano de Información I.10.

A rede se deseñará seguindo o trazado viario ou espazos libres de uso público e, sempre que o cálculo o permita, a súa pendente se adaptará o terreno ou rúa.

Se preve unha rede de sumidoiros separativa utilizando dous conductos independentes. Por un evacuarán as augas pluviais, de rega e do subsolo e polo outro as residuais. O trazado de estos colectores será debaixo das beirarrúas, de modo que sexa máis sinxelo o mantemento e rexistro da instalación.

Os proxectos da rede estarán suxeitos ás seguintes condicións mínimas:

- As seccións mínimas da rede de sumidoiros serán de 30 cm. de diámetro, e as velocidades máximas de 3 m/seg cando os conductos sexan circulares, podendo aumentarse ata valores de 5 m/seg para seccións ovoideas e especiais visitables.

- Nas cabeceiras dos sumidoiros disporanse cámaras de descarga para a limpeza sendo a súa capacidade de 0,5 m<sup>3</sup>. para os sumidoiros de 30 cm., e 1 m<sup>3</sup>. para os restantes.

- Na rede de sumidoiros tubular e ovoide disporanse pozos de visita ou rexistro a distancias non superiores a 50 m. e en tódolos cambios de alineación e rasantes. Na rede de sumidoiros visitables disporanse cada 100-150 m.

As tuberías a empregar serán de formigón vibrocomprimido, e se colocarán sobre unha base de hormigón en masa de 10 cms. de espesor.

Se estará de acordo coas Normas Técnicas eisixidas polo Concello de Vigo e demais Normas de carácter obrigatorio.

Para o cálculo da rede de evacuación de augas residuais, se partirá dun caudal de 300 litros por habitante e día, segundas Bases Técnicas Mínimas para a redacción de Planes Parciais.

Todo este caudal se concentrará nun colector para o seu posterior verquido a rede existente.

Para o cálculo da rede de auga pluvial, se partirá dos seguintes datos:

- A precipitación máxima diaria prevista para un período de retorno de cinco anos, e de 93 mm., segundos datos rexistrados en Vigo (Instituto), publicados polo Servizo de Conservación de Suelos do Ministerio de Agricultura.

- A intensidade do cálculo se tomará para a duración da agoaceiro máximo que pode ser no noso caso de 20 minutos, o que suporía unha intensidade de 87 mm./hora.

Vigo,

28 JUL 1998

B.11

O SECRETARIO DA ALCALDIA

Asno. FCO. Javier García Martínez

## 2. REDE DE DISTRIBUCION DE AUGA E REGA

A rede aproveitará na súa totalidade os Asnos xa construídos da mesma e indicados no Plano de Información I.10.

Tomarase como referencia a dotación prevista segundas Bases Técnicas Mínimas para a redacción de Planes Parciais que é de 300 litros por habitante e día (incluído rega). Dita dotación permitirá un abastecemento satisfactorio o nivel da urbanización que se pretende.

No Proxecto de Urbanización deberán preverse as dotacións de hidrantes de 100 mm cada 4 Ha para o Servicio Contra Incendios con caudales de 5 litros por segundo nos puntos estratéxicos da rede e particularmente nas zonas verdes de uso público.

Previúse a instalación con tubaxes de Polietileno, si ben poderían empregarse tubaxes de fundición dúctil.

Se estará de acordo coas Normas Técnicas eisixidas polo Concello de Vigo e demais Normas de carácter obrigatorio.

O trazado será deseñado seguindo o trazado viario ou espazos públicos libres. Os tramos serán o máis recto posibles.

Na rede estableceranse as bocas de rega necesarias para a limpeza de las calles y mantenimiento de arbolado y jardinería. O diámetro mínimo da rede de rega será de 80 mm e establecerase en tódalas zonas de parques e xardíns, espazos libres, paseos, rúas, etc. de uso público.

A rede de rega estará independizada da de abastecemento mediante chaves de paso e contador. O seu trazado será polas beirarrúas e paseos de uso público e o material aconsellado é a fundición, admitíndose entubados doutros materiais na rede baixo beirarrúas pero non nos cruces de calzadas.

A distancia entre bocas será de 20 a 30 m, en función da presión da rede de abastecemento. As conexións á rede de distribución faranse por grupos de ata 12 bocas e nunca de menos de 6.

O abastecemento realizarase a traveso da Rede de Abastecemento de Auga do Concello de Vigo.

As tubaxes colocaranse en zanza, sobre un leito de area. Nos cruces de calzada e cando-lo requiran as circunstancias especiais que se poidan dar, se protexerán adecuadamente os tubos das cargas do tráfico rodado.

A profundidade mínima a que deberán establecerse as tubaxes será de 1 m. da superficie poidendo diminuírse este recobrimento a 60 cm en beirarrúas e lugares sen tráfico rodado.

Estarán separadas dos conductos de outras instalacións por unhas distancias mínimas verticais e horizontales dadas na Tabla seguinte e medidas entre xeratrices interiores de ámbalas conduccións, e quedarán sempre por encima da conducción da rede de sumidoiros, coa debida protección de xeadas.

En caso de non poder manter as separacións mínimas especificadas se toleraran separacións menores sempre que se dispoñan proteccións especiais.

Vigo, 28 JUL 1989 B.12

O SECRETARIO DE AGENCIA,

**SEPARACION MEDIA ENTRE XERATRICES EN INSTALACIONES**

	EN HORIZONTAL (cm)	EN VERTICAL (cm)
REDE DE SUMIDOIROS	100	100
GAS	50	50
ELECTRICIDADE ALTA	30	30
ELECTRICIDADE BAIXA	20	20
TELÉFONIA	30	20
ALUMEAMENTO	As sinaladas en Regulamento de Baixa Tensión	

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**3. REDE DE DISTRIBUCION DE ENERXIA ELÉCTRICA**

**A. VALORACION DE CARGAS**

Se determinará a potencia necesaria de acordo cos graos de electrificación previstos polo Regulamento de Baixa Tensión na sua Instrucción MIBT 010.

Segundos datos da mesma a potencia mínima por vivenda será:

- Maiores de 150 m<sup>2</sup> S. construidos : 8 Kw.
- De 80 m<sup>2</sup> a 150 m<sup>2</sup> S. construidos : 6 Kw.
- Menores de 80 m<sup>2</sup> S. construidos : 4 Kw.

A carga correspondente o conxunto das vivendas obterase afectando as mesmas do coeficiente de simultaneidade establecido pola correspondente Instrucción.

**COEFICIENTE SIMULTÁNEO**

Nº DE ABONADOS	ELECTRIFICACIÓN MINIMA E MEDIA	ELECTRIFICACIÓN ELEVADA E ESPECIAL
2 a 4	1	0.8
5 a 15	0.8	0.7
15 a 25	0.6	0.5
25 a máis	0.5	0.4

A carga total correspondente ós edificios preverase de acordo co establecido na Instrucción MIBT 001, e en cálculo das redes aplicaranse para a fixación das potencias de paso os coeficientes fixados na devandita Instrucción.

Ademáis da carga correspondente as vivendas, deberá considerarse as cargas correspondentes o Alumeado Público, cargas que non virán afectadas por ningún coeficiente de simultaneidade.

A potencia total estimada será polo tanto de:

- Alumeado Público .		50 Kw.
- Outros Usos		10 Kw.
- 172 vivendas con grado de electrificación medio:	172x6 Kwx0,50 =	516 Kw.
<b>TOTAL</b>		<b>576 Kw.</b>

Vigo, 28 JUL 1999 B.13  
 O SECRETARIO DA XUNTA,

**B. CENTROS DE TRANSFORMACION**

Son as instalacións onde aloxase o Transformador, reduciúdo a Media Tensión en Baixa Tensión.

Dende o Centro de Transformación parten os distintos circuitos de Baixa Tensión para a subministración eléctrica os usuarios. A tensión será a normalizada de 220/380 V.

**C. NUMERO DE CENTROS DE TRANSFORMACION**

Unha vez determinada a potencia do Sector, determinarase o número de Centros en función da densidade por Km<sup>2</sup> e dacordo coas potencias normalizadas de transformadores.

DENSIDAD	MW/Km <sup>2</sup>	=	0,838/0.0869	=	9.64
Nº de CT		=	P/800	=	1

**D. EMPRAZAMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACION**

Situarase procurando ubicarlo equidistante e o máis cerca posible dos viales por onde transcurrirán os cables. Para iso se reserva solo nas zoas de uso e dominio público prevíndose a instalación sotarrega.

**E. INSTALACION DO CENTRO DE TRANSFORMACION**

A instalación dos elementos que integran un Centro de Transformación ven regulamentada polo vixente Regulamento sobre Condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en Centrais Eléctricas e Centros de Transformación RD 3275/1982.

O vixente Regulamento de Baixa Tensión define certas particularidades para os C.T.

**F. REDE DE BAIXA TENSIÓN**

A estrutura adoptada para as redes de B.T. é a radial, ou sexa que cada alimentador parte do C.T. con un determinado número de acometidas conectadas.

A sección de cada alimentador será constante.

As canalizacións serán sotarregas, con circuitos compostos por cables unipolares. As conductiones serán baixo tubaxes de PVC. Serán sotarregas a unha profundidade de 0,80 ml. e se protexerán mediante unha capa de formigón lixeiro ou pezas de cerámica.

**G. CALCULO DOS CIRCUITOS DE BAIXA TENSIÓN**

Unha vez situado o C.T., en función das potencias previstas, proxectaranse os circuitos de B.T., considerando que a caída de tensión ata o punto máis lonxano de entrega de enerxía non supere o 4 por 100 da tensión nominal da rede.

As intensidades máximas admisibles nos conductores estableceranse de acordo coa Instrucción MIBT 007.

Vgo, 28 JUL 1999

O SECRETARIO DE ENXERXIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

4. ALUMEADO PUBLICO

As obras a que se refiren estes criterios para o Proxecto de Urbanización, teñen por finalidade o dispor unhas instalacións de Alumeado Público, sendo o obxectivo principal o de proporcionar a iluminación necesaria para obter a máxima seguridade do tráfico, tanto rodado como de peóns, procurando reducir o mínimo todo tipo de incomodidade visual.

A. NIVEL DE ILUMINACION

O nivel medio de iluminación para os viales será de 18 a 20 Lux.

B. FONTES DE LUZ

En xeral, utilizaranse lámparas de vapor de sodio de alta presión (VSAP) para a iluminación dos viales principais, e de vapor de mercurio color correxido (VMCC) para la iluminación dos viales da rede secundaria e zonas axardinadas e sendas peonais.

C. LUMINARIAS

Levarán incorporados os equipos eléctricos de AF., reflector de aluminio de elevado grao de pureza electro-abrillantado, anodizado e selado.

Terase en conta o seu aspecto estético, por canto van a ser vistas durante un gran número de horas coa luz diurna.

D. BACULOS

Serán de chapa de aceiro galvanizado en quente. A base será recta e terán unha portiña co fin de acceder a caixa de empalme e protección do punto de luz.

E. REDE DE DISTRIBUCION

Estará constituída por conductores unipolares dos denominados V0,6/1KV., con unha sección mínima de 6 mm<sup>2</sup> na rede xeral. Estes conductores introduciranse nos tubaxes de PVC., sotarregos de tal xeito que os conductores queden a unha profundidade mínima de 0,40 ml. por debaixo da beirarrúa ou do vial no seu caso.

Disporanse asemade de unha Rede de Posta a Terra, para conectar a ela os báculos e luminarias de Alumeado Público.

F. CADRO DE MANDO E PROTECCIÓN

Será de poliéster reforzado con fibra de vidro e nel aloxaranse os interruptores automáticos de protección dos distintos circuitos, así como o interruptor horario para establecer o alumeado permanente e o reducido.

A unidade de medida instalarase en outro módulo e disporá de:

- 1 Contador de Enerxía Activa de dobre tarifa.
- 1 Contador de Enerxía Reactiva.
- 1 Reloxo de Conmutación horaria.



aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 20 JUL 1999 B.16

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## B.9 CADRO RESUMEN DA PROPOSTA

### \* EDIFICACION RESIDENCIAL

#### VIVENDA UNIFAMILIAR EN NUCLEO ORIXINAL

SUPERFICIE PARCELAS (m <sup>2</sup> )	10.605,00
INDICE DE EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> )	0,6
EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> )	6.363,00
NÚMERO ACTUAL DE VIVENDAS	9

#### VIVENDA UNIFAMILIAR EN EXTENSION NUCLEO

SUPERFICIE PARCELAS (m <sup>2</sup> )	51.382,00
INDICE DE EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> )	0,5
EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> )	25.690,50
AREAS LIBRES AXARDINADAS PRIVADAS (m <sup>2</sup> )	6.905,00
NÚMERO ACTUAL DE VIVENDAS	18

EDIFICABILIDADE POR CESION EN VIAIS (m <sup>2</sup> )	13.197,05
---	-----------

#### TOTAL RESIDENCIAL

SUPERFICIE PARCELAS (m <sup>2</sup> )	61.987,00
EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> )	43.450,50
NÚMERO ACTUAL DE VIVENDAS	27
NÚMERO MÁXIMO DE VIVENDAS	172
AREAS LIBRES AXARDINADAS PRIVADAS (m <sup>2</sup> )	23.300,00

% SUPERFICIE S/TOTAL 71,33 (61.987/86.901)

% EDIFICABILIDADE S/TOTAL 100

### \* VIARIO

#### RÚAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS

Ampliación RÚAS 16 m. (m <sup>2</sup> )	4.300,80
Ampliación RÚAS 14 m. (m <sup>2</sup> )	1.803,20
Ampliación RÚAS 8 m. (m <sup>2</sup> )	3.360,00
Ampliación SENDAS PEONAS (m <sup>2</sup> )	96,00

TOTAL SUPERFICIE CESIÓN VIAIS (m<sup>2</sup>) 9.560,00

VIAIS EXISTENTES (m<sup>2</sup>) 12.219,00

TOTAL SUPERFICIE (m<sup>2</sup>) 21.779,00

% SUPERFICIE S/TOTAL 24,92 (21.779/86.901)

Vigo, 28 JUL 1989

B.17

O SECRETARIO DA ALCALDIA,

**\* ESPACIOS LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO**

Red. co. Javier García Martínez

**ZONAS VERDES**

SUPERFICIE PARCELAS (m <sup>2</sup> )	3.265,00
% SUPERFICIE S/TOTAL	3,75 (3.265/86.901)

**\* TOTAL PEMN QUINTIÁN**

	PXOU	PROPOSTA
SUPERFICIE (m <sup>2</sup> .)	81.900,00	86.901,00
EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> c)	40.950,00	43.450,50
DENSIDADE (viv/Ha)	20	20
NÚMERO MÁXIMO VIVENDAS NÚCLEO (20 Viv/Ha.x8.6=)	172	172
<b>TOTAL ZONAS VERDES</b>	<b>9.000,00</b>	<b>10.170,00</b>
<b>CESIÓNS ZONAS VERDES</b>	<b>2.950,00</b>	<b>3.265,00</b>
<b>SUPERFICIES CESIÓNS VIAIS</b>	<b>Non se fixa</b>	<b>17.500,55</b>
<b>% SUP. ZONAS VERDES CESIÓN S/TOTAL</b>	<b>3,6</b>	<b>3,75</b>
<b>% SUP. CESIÓNS S/TOTAL</b>	<b>10,99</b>	<b>21,82</b>